

Á vista da evolución positiva na situación epidemiolóxica e de que a docencia retornou practicamente á súa total normalidade, para o inicio do curso académico 2022/2023 mantéñense, entre os acordos adoptados no comité COVID-19 da universidade de Vigo e publicados por RESOLUCIÓN REITORAL, DO 21 DE ABRIL DE 2022, somentes os que se sinalan de seguido, que estarán vixentes ata o final do presente curso académico 2022-23, de non modificarse por unha nova normativa de aplicación que substituíra :

- A. Seguirá sendo obrigatorio o uso de máscara buconasal en espazos interiores da Universidade de Vigo, nos seguintes casos:
 - A.1. Medios de transporte compartidos.
 - A.2. Dependencias de uso sanitario como as do Servizo de Vixilancia da Saúde (enfermaría).
 - A.3. Nos casos de persoas con resultado positivo confirmado ou con síntomas compatibles con COVID-19 que acudan a dependencias da universidade, neste caso usarase a FFP2.
- B. Por outra banda, continuarase coas medidas habituais de ventilación (criterio xeral de alo menos 10 minutos cada hora), así como as medidas hixiénicas de lavado de mans e de protección ao tusir ou esbirrar.
- C. Finalmente, seguiranse a repartir máscaras buconasais para o persoal que o solicite, a través das conserxarías dos centros.